

C.E.I.P. de Lourido – PRESENTACIÓN DA ASIGNATURA

Materia	Educación Artística	Páx.	2
Curso / Ciclo	4º Nivel do 2º Ciclo de Educación Infantil		

CONTIDOS

- Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa
- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión- cor, forma, liña, volumen, texturas- que lles permitan aos nenos e nenas desenvolver a súa sensibilidade artística
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias...

OBXECTIVOS

- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar...desde as súas ideas, sentimentos, emocións, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas

METODOLOXÍA

A hora de programar as actividades procuraremos:

- Partir dos intereses e necesidades dos nenos e nenas para conseguir unha actitude favorable cara as novas aprendizaxes e que estas sean significativas.
- proboñer actuacións dirixidas ás peculiaridades persoais e aos diferentes momentos evolutivos e ritmos de aprendizaxe
- Fomentar a comunicación e a interrelación entre os membros do grupo para desenvolver actitudes de colaboración, axuda e empatía.
- Desenvolver as actividades nun clima de confianza e participativo
- Levar a cabo actividades globalizadas que provoquen a entrada en funcionamento de tódalas capacidades
- Manter unha estreita comunicación coas familias para evitar situacións que produzan inseguridade nos nenos e nenas

Respetando os seguintes principios metodolóxicos:

- Traballo por proxectos
- Preguntas abertas acerca de determinados feitos e situacións.
- Xogo como actividade propia de esta etapa.
- Afectividade como fio conductor da situación de ensinanza aprendizaxe.

CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación en educación infantil ten tres momentos principais que se desenvolven ao longo do curso escolar:

- Avaliación Inicial: neste momento faise unha detección do momento evolutivo no que se atopa o alumno/a.
- Avaliación formativa: ao longo do curso escolar iránse avaliando os progresos e dificultades do alumnado de cara a personalización do proceso de ensino aprendizaxe.
- Avaliación final: na que se detectará a evolución do noso alumnado.

Os criterios de avaliación propiamente ditos son os seguintes:

1. EXPLORA AS POSIBILIDADES PLÁSTICAS E CREATIVAS DE DISTINTOS ÚTILES COMO RECURSO E MEDIO DE EXPRESIÓN
2. FAI USO DO DEBUXO COMO MEDIO DE EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN
3. MESTURA AS CORES
4. COÑECE DIFERENTES ARTÍSTAS E CREADORES PLÁSTICOS

No 4º nivel do segundo ciclo de educación infantil, tal e como se reflexa na programación, os contidos de tipo actitudinal teñen un porcentaxe dun 30% e os contidos referidos a coñecementos e competencias dun 70%. A baremación dos contidos irá reflexada no Boletín do alumno/a.

A estratexía fundamental de avaliación é a observación.

A información que se obtera estará centrada en situacións de interacción cos compañeiros e compañeiras, cos materiais utilizados, cos espazos creativos, así como co resto da comunidade educativa.